



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "ABASTECIMENTO A BARDAIO" NA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE CORES

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Ponteceso para executar as obras incluídas no Proxecto: ABASTECIMENTO A BARDAIO

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

O Concello de Ponteceso manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado: acometer o proxecto denominado: "ABASTECIMENTO A BARDAIO". En virtude do dito proxecto levarase a cabo a execución da rede de distribución de abastecemento de auga potable ao núcleo de Bardaio, na parroquia de San Martiño de Cores, no Concello de Ponteceso, deixándose prevista a futura ampliación para dotar de rede de abastecemento municipal ao núcleo de Riotorto.

III. Finalidade

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o Concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza.





Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Ponteceso o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ponteceso para executar as obras incluídas no Proxecto: ABASTECIMENTO A BARDAIO cun orzamento total de **138.763,83 € (IVE INCLUIDO)**

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Ponteceso manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o Proxecto: ABASTECIMENTO A BARDAIO

A solicitude fundaméntase na necesidade de execución deste proxecto xa que os veciños de Bardaio non dispoñen de rede de abastecemento municipal. A poboación aquí residente, abastécese a través de pozos privados e de traídas de augas veciñais.

A necesidade de executar este proxecto responde a fins públicos prioritarios que competen de forma directa á Administración Local:

1. Razóns de interese público e humanitario

O acceso á auga potable constitúe un servizo público mínimo, obrigatorio e esencial, de competencia municipal, conforme ao disposto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

-Garantía dun servizo esencial: O interese público radica na obriga dos poderes públicos de garantir que toda a poboación, con independencia do seu lugar de residencia, dispoña dunha subministración de auga en condicións óptimas de caudal e continuidade.

-Dereito fundamental: O acceso á auga potable é considerado un dereito humano básico, recoñecido polas Nacións Unidas, sendo obriga das administracións públicas garantir a súa dispoñibilidade e distribución.

-Seguridade e saúde pública: A falta dunha rede de distribución normalizada obriga á poboación a recorrer a captacións propias superficiais ou subterráneas propensas á contaminación biolóxica ou química. A infraestrutura proxectada garante o control sanitario, a cloración e a potabilidade da auga baixo os estándares legais, evitando enfermidades derivadas do uso de augas non controladas (pozos ou alxibes).

- Protección contra os incendios: A nova rede de distribución dotará ao núcleo rural da presión e dos hidrantes necesarios para a extinción de incendios, mellorando a seguridade fronte aos riscos de in-





cendios forestais en zonas illadas e protexendo tanto os bens materiais como as masas forestais lindantes.

-Sostibilidade ambiental: Substituír os sistemas de abastecemento privados ineficientes ou contaminantes por unha rede centralizada reduce as fugas, optimiza o recurso hídrico e asegura a correcta depuración posterior.

Vulnerabilidade da poboación afectada: O núcleo rural conta cun índice elevado de poboación envellecida. A manipulación, transporte e almacenamento de auga mediante pozos ou depósitos particulares supón un esforzo físico desproporcionado e un risco constante de accidentes domésticos para este colectivo vulnerable.

-Mitigación do cambio climático e escaseza: Os episodios severos de seca estival minguaron drasticamente os acuíferos locais dos que se abastecía historicamente o núcleo. Deixar ao núcleo sen esta infraestrutura condena aos seus habitantes a situacións críticas de desabastecemento severo e insalubridade durante os meses de maior estrés hídrico.

2. Razóns de interese social

A cohesión social e territorial esixe a eliminación das brechas de habitabilidade entre as zonas urbanas e os asentamentos periféricos.

-Fixación da poboación e loita contra a despoboación: O núcleo de Bardaio sofre unha tendencia demográfica regresiva. A carencia de servizos básicos é o principal factor de abandono rural. Este investimento dota ao territorio dunha habitabilidade digna, retendo a poboación actual e atraendo a novos residentes.

-Calidade de vida e benestar: Erradicar a desigualdade de servizos básicos entre os habitantes do núcleo rural e os residentes en áreas urbanas, mellorando o benestar dos veciños, especialmente de colectivos vulnerables como persoas maiores ou familias con menores. -Equidade territorial: Non se pode consolidar a igualdade de dereitos cidadáns se existen núcleos privados de subministracións básicas. O proxecto corrixe unha situación de discriminación xeográfica e histórica, integrando plenamente aos veciños no sistema de benestar municipal.

3. Razóns de interese económico:

O investimento en infraestruturas básicas é un requisito indispensable para a viabilidade económica e o desenvolvemento sostible nas zonas rurais.

-Fomento do emprego e actividades locais: A dispoñibilidade de auga corrente de calidade é indispensable para a apertura de aloxamentos de turismo rural, o establecemento de pequenas industrias agroalimentarias e a continuidade das explotacións gandeiras locais, que actualmente ven limitado o seu crecemento pola falta de recursos hídricos estables.





-Eficiencia no gasto público e optimización de custos: Centralizar a xestión do abastecemento permite ao concello un control máis eficiente do caudal, reducindo perdas na rede, optimizando o consumo enerxético e diminuindo os custos operativos a longo prazo. A ausencia de rede obriga ao Concello ao envío periódico de camións cisterna en épocas de seca, un sistema provisional que xera un gasto corrente ineficiente, insostible e gravoso para as arcas municipais. A rede fixa supón unha optimización económica a medio e a longo prazo.

-Protección do medio ambiente: Cumprir cos obxectivos de desenvolvemento e normativas autonómicas ou europeas en materia do ciclo integral da auga.

-Revalorización do patrimonio técnico e catastral: A dotación de servizos básicos urbanísticos incrementa o valor patrimonial da zona, permitindo a rehabilitación de vivendas tradicionais e activando o sector da construción e os servizos a nivel local.

A realización da obra require un investimento para o que o Concello de Ponteceso carece de capacidade orzamentaria e financeira suficiente para acometer de forma exclusiva sen comprometer a estabilidade doutros servizos públicos esenciais. Por ese motivo solicita á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha axuda económica por importe de 114.000 euros.

O Concello de Ponteceso asumiría a restante cantidade, que ascende a **24.763,83 €**.

Na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

A falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Vilamarín de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de





recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ponteceso.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración mais próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese Concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención:

As actuacións proxectadas consistirán na instalación dunha nova rede de abastecemento en todo o ámbito da actuación e a mellora do pavimento de aglomerado asfáltico.

As principais actuacións proxectadas, consisten na execución da nova rede de abastecemento coa execución das seguintes unidades:

- Corte e demolición de pavimento asfáltico existente.
- Escavación de gabia para aloxar a tubaxe de abastecemento e posterior recheo e compactación.
- Instalación de rede de abastecemento formada por 1.060 m de tubo de polietileno PE 100 de 90mm de diámetro, PN=16 atm e por 361 m de tubo de polietileno PE 100 de 75mm de diámetro, PN=16 atm; así como accesorios e elementos puntuais precisos (tes de derivación, válvulas, ventosas, etc.)
- Realizarse a reposición do aglomerado afectado coas seguintes tipoloxías:
 - Beiravía da estrada provincial DP-6805 (Deputación da Coruña):
 - Gabias nos vierios municipais co aglomerado en bo estado (renovado recentemente):

Renovaranse as obras de drenaxe afectadas pola execución das obras: cuneta en terra e pasos salva-cunetas.

Por último, para mellorar da seguridade viaria, executarase a sinalización horizontal e vertical en todo o ámbito da actuación.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de cento





catorce mil euros (114.000 €, IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o **82,15%** do orzamento do proxecto. Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

